

ANEXO II

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA ACTIVIDADE DE CAMPAMENTOS DE VERÁN DO CONCELLO DE CORISTANCO

D^a/D.
Con DNI como nai/pai/titora/titor da/do menor ou menores
participantes:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓNS DE SAÚDE:

- Declaro que a/o usuaria/o do campamento de verán do campamento do Concello de Coristanco non convive con ninguén afectado polo COVID-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersonal cunha persoa afectada polo COVID-19, nos 14 días previos a entrada nesta actividade.
- Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de COVID-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultades ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos a data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Declaro que fun informada/o das medidas e coñezo os riscos que pode supoñer participar na actividade no contexto da pandemia provocada pola COVID-19 para a/o participante e o seu contorno de convivencia.
- Declaro que me comprometo a notificar inmediatamente a organización responsable do campamento de verán do Concello de Coristanco calquera problema de saúde contaxioso vinculado ou non ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE A COVID-19.

- A persoa participante acepta as medidas de prevención e hixiene propostas polo equipo técnico responsable dos campamentos de verán do Concello de Coristanco.
- A persoa participante comprométese a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE A COVID-19.

- Declaro que recibín e lín a información e adecuación da actividade do campamento de verán do Concello de Coristanco á COVID-19 e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- Declaro que recibín información sobre o protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio na actividade do campamento de verán do Concello de Coristanco.

Coristanco, ____ de _____ de 2021

Sinatura(pai/nai/representante legal):